

Nome _____

Data _____

De onde vén a democracia?

Se cres que a democracia é un invento moderno, estás moi equivocado.

A democracia foi un sistema de goberno empregado polos atenienses hai máis de 2.000 anos. De feito, a palabra *democracia* é unha palabra grega que significa «poder do pobo».

Por iso, cando falamos de democracia non podemos deixar de pensar en Atenas, a capital grega, e nun dos seus máis ilustres habitantes: Pericles.

Pericles foi un importante político e xeneral vitorioso na guerra do Peloponeso, que enfrontou no século V a.C. os atenienses cos espartanos.

Naquela época, os políticos eran grandes oradores que expuñan as súas ideas e argumentos na ágora. E Pericles foi un magnífico orador que co tempo chegou a gobernar Atenas, grazas ao voto dos seus concidadáns, co lema «un goberno do pobo, polo pobo e para o pobo».

Pero Pericles foi algo máis ca un militar e un político. Tamén foi un amante da arte. Por iso, rodeouse de magníficos arquitectos e escultores, como Fidias, e xuntos emprenderon reformas para embelecer e dar esplendor a Atenas.

Na parte máis alta da cidade construíuse a Acrópole, o lugar destinado aos templos dos deuses gregos. Alí estaba o Partenón, un enorme templo dedicado a Atenea, deusa protectora da cidade; e o Erecteion, famoso porque algunhas das súas columnas eran cariátides, é dicir, esculturas con forma de muller. Ademais, tamén se construíron un odeón e un teatro.

**1 Le o texto e responde.**

- Que significa a palabra *democracia*? _____

- Onde se inventou? Hai canto tempo? _____

- Quen foi Pericles? En que guerra participou? _____

- Quen foi Fidias? _____

2 Define os seguintes conceptos.


- Ágora: _____

- Orador: _____

- Odeón: _____

- Acrópolis: _____

3 Que crees que significa a frase «un goberno do pobo, polo pobo e para o pobo»?

4 Observa os debuxos e escribe debaixo *Partenón*, *Erecteion* ou *odeón* segundo corresponda.

5 Unha democracia caracterízase por que os cidadáns deciden a través do seu voto. Pescuda cal é a diferenza entre as eleccións e os referendos.

